3 DELIMITACIÓN: En sus límites se recogen todos aquellos terrenos que marcan el ámbito circundante del yacimiento catalogado, así como las zonas en las que se localizan materiales arqueológicos significativos.

4 La delimitación se grafía en los planos de ordenación con la denominación correspondiente.

5 USOS PERMITIDOS: En las zonas comprendidas en esta delimitación, se admiten todas aquellas actuaciones permitidas en la presente Normativa para la clase y categoría de solo afectada por la delimitación arqueológica cautelar, siempre y cuando se cumplan los requisitos establecidos en el apartado siguiente. En todo caso, se establece *a priori* la primacía de la conservación de las estructuras arqueológicas que puedan ser descubiertas.

6 Los usos agrícolas que se vengán realizando en el momento de la aprobación del presente instrumento, podrán seguir haciéndose en las mismas condiciones que hasta ahora, sin cumplir los requisitos establecidos en el apartado 4 siguiente, siempre y cuando no supongan la alteración del substrato arqueológico, ni precisen de la ampliación de explotaciones de nuevas instalaciones. En cualquier caso, quedarán sujetas al dictado en el apartado 4 todas aquellas roturaciones y labores profundas que puedan alterar el substrato arqueológico.

7 Los movimientos de tierra en general (excavaciones, rellenos, apertura de pistas, etc...), la plantación y arranque de árboles, las instalaciones aéreas o subterráneas, así como la apertura de pozos y minas deberán cumplir igualmente previamente las pautas establecidas en los requisitos del apartado siguiente.

8 REQUISITOS: Cualquier tipo de obra que se pueda acometer en el área de protección cautelar por aplicación de las condiciones establecidas en esta Normativa, o que afecte al subsuelo o substrato arqueológico, deberá implicar una intervención arqueológica previa o simultánea a la obra, en cualquier tipo de actuación proyectada en la zona afectada.

9 Las características específicas de dicha intervención arqueológica deberán ser concretadas por los técnicos de la administración correspondiente dentro de la Consellería de Cultura.

ANEXO II: Catálogo de elementos a proteger o recuperar**ÍNDICE DE BIENES POR TIPOLOGÍA****CAU CONSTRUCCIONES PARA APROVECHAR EL AGUA**

CAU01- Fuente en el camino en Esmoriz, parroquia de Esmoriz

CAU02- Fuente en un muro en Esmoriz, parroquia de Esmoriz

CER CONSTRUCCIONES Y ESPACIOS RITUALES Y RELIGIOSOS. ÁREAS Y CONSTRUCCIONES VINCULADAS

CER01- Cruceiro en Esmoriz, parroquia de Esmoriz

CCR CONSTRUCCIONES CIVILES. RESIDENCIALES

CCR01 - Conjunto de Viviendas tradicionales con decoraciones de cal en Esmoriz, parroquia de Esmoriz

CCR02 - Vivienda tradicional con decoraciones de cal en Esmoriz, parroquia de Esmoriz

CCR03 - Vivienda tradicional en Esmoriz, parroquia de Esmoriz.

CCR04 - Vivienda tradicional en Esmoriz, parroquia de Esmoriz.

CAA CONSTRUCCIONES AGRARIAS O AGROPECUARIAS Y PARA ANIMALES. CAZA

CAA01 - Palleira aislada en Esmoriz, parroquia de Esmoriz

CAA02 - Conjunto de Palleiras en Esmoriz, parroquia de Esmoriz

CAA03 - Conjunto de Palleira y alpendre en Esmoriz, parroquia de Esmoriz

CAA04 - Hórreo 1 en Esmoriz, parroquia de Esmoriz

CAA05 - Hórreo 2 en Esmoriz, parroquia de Esmoriz

CAA06 - Hórreo 3 en Esmoriz, parroquia de Esmoriz

CAA07 - Hórreo 4 en Esmoriz, parroquia de Esmoriz

YC YACIMIENTOS ARQUEOLÓGICOS

YC01 - Castro de Esmoriz, parroquia de Esmoriz

Chantada, 14 de maio de 2024, O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1391

COSPEITO

Anuncio

El Pleno de esta entidad, en sesión extraordinaria celebrada el día 13.05.2024 acordó la aprobación de la modificación del Acuerdo regulador del precio público por la prestación del servicio de Campamento de Verano, lo que se hace público a efectos de su general conocimiento.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLO SERVIZO DE CAMPAMENTO DE VERÁN DO CONCELLO DE COSPEITO.

Artigo 1: Fundamento legal

O concello de Cospeito, en uso das facultades recoñecidas no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade cos artigos 41 a127 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda establecer neste termo municipal o prezo publico pola prestación do servizo de campamento de verán deste Concello.

Artigo 2: obxecto do prezo publico:

Constitue o obxecto do prezo publico a participación no campamento de verán organizado polo concello.

Artigo 3: obrigados ao pago

Estarán obrigados ao pago os participantes inscritos no programa de campamento de verán do Concello de Cospeito.

A inscrición realizarase mediante entrega nas oficinas municipais do modelo que se axunta como anexo ao presente acordo.

Artigo 4: Normas de xestión

As persoas interesadas en obter a prestación obxecto do presente prezo publico deberán presentar a folla de inscrición e liquidación que se inclúe como anexo ao presente acordo nas oficinas do concello de Cospeito.

Xunto á solicitude deberá acompañar a documentación precisa para cada actividade, da que se informará xunto coa solicitude entregada ao usuario.

Artigo 5: Contía do Prezo Público:

O importe do Prezo Público será:

- *Unidades familiares beneficiarias de algún programa de axuda ou emerxencia social (RISGA ou emerxencia social do Concello de Cospeito.....)..... 0 euros.*
- *Quenda de 8:30 a 14:30 horas 100€ ao mes por neno.*
- *Quenda de 8:30 a 16:30 horas140€ ao mes por neno. máis o custe da comida. Nesta quenda é obrigatorio o pago de comedor.*
- *Comida180€ ao mes por neno.*

Entendese por unidade familiar a constituída polos dous proxenitores, salvo no suposto de familias monoparentais.

Artigo 6: Administración e cobranza

A cobranza efectuarase polo sistema de autoliquidación

As autoliquidacións correspondentes a estes prezos públicos practicaránse nun só pago, previo ao inicio da actividade, mediante ingreso bancario. En calquera das contas indicadas e de acordo co modelo anexo ao presente acordo.

Procederase ao reintegro do prezo público ou á parte proporcional correspondente cando por causas xustificadas no se chegue a realizar a actividade de que se trate. Non procederá a devolución pola baixa inxustificada na prestación do servizo.

As débedas derivadas da aplicación deste prezo público poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio.

Disposición final.

O presente acordo, unha vez aprobado polo pleno da Corporación entrará en vigor ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo vixente ata a súa expresa derogación.”

De acordo con el artículo 112.3 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, contra el presente Acuerdo se podrá interponer recurso contencioso-administrativo, ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia en el plazo de dos meses contados a partir del día siguiente de la publicación de este anuncio de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, de la Jurisdicción Contencioso-Administrativo.

Cospeito, 13 de maio de 2024.- Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1392

FRIOL

Anuncio

Cumprindo o disposto no art. 70 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no art. 17 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público na súa parte dispositiva o acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 21 de marzo do actual e o texto da ordenanza municipal reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal, que se transcribe a continuación:

“3.- MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL.- Dáse conta ao Pleno do Concello da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de piscina municipal. Na mesma dise que o obxectivo que se propón coa modificación é contribuír ao incremento dos ingresos municipais, que hai tempo se atopan estancados. Elo non vai parello co gasto, que medrou nos últimos exercicios. Elo polos servizos que o concello presta á cidadanía, que se foron incrementando notablemente. Tamén o esforzo realizado en investimentos, tanto os realizados con cargo a fondos municipais, como os derivados das obigas de cofinanciación impostas por outras administracións para a realización de investimentos no concello. Tamén as subidas de salarios de persoal, así como dos materiais e subministros.

Ademáis das razóns expostas, e neste caso concreto, trátase dun servizo deficitario, xa que a recadación das épocas estivais anteriores foi insuficiente para cubrir os custes de prestación de servizo. Por elo, debe procederse ao incremento dos importes contemplados na ordenanza no seu día aprobada, hai quince anos, sen que desde a súa aprobación fora obxecto de modificación

Á vista do disposto na vixente lexislación de réxime local, así como no Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), e considerando que é competencia do Pleno a aprobación da determinación dos recursos tributarios, despois das intervencións ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por nove votos a favor (do Alcalde-Presidente e dos concelleiros do Grupo Popular asistentes á sesión) e co voto en contra da concelleira do Grupo Mixto

ACORDA:

- A aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal, segundo o texto que se transcribe a continuación, como ANEXO.
- Que se someta ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios, así como na sede electrónica do concello por un prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, no devandito prazo.

- Que se dea conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presente, que se resolverán polo mesmo con carácter definitivo. No caso de non presentarse o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.
- Que o acordo definitivo e a ordenanza fiscal se publique no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto no art. 17 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ANEXO

MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL.

Art. 4.1.- Contía.- No referente á contía da Taxa Reguladora desta Ordenanza serán as que a continuación se relacionan:

ENTRADAS DIARIAS

- Maiores de 14 anos: 5,00€
- De 5 a 14 anos: 2,00€

ABONOS

- Individual: 25,00€
- Familiar: Que comprende ás parellas e no seu caso os fillos menores de idade que residan no mesmo enderezo: 50,00€.

CURSOS DE NATACIÓN

- Os que se acollan ao abono de temporada: 20,00€.
- No caso de non ter o abono de temporada: 30,00€.

Os aboamentos darán dereito ao disfrute das instalacións desde a data de apertura ata a data de peche das instalacións.

Os menores de 5 anos: estarán exentos de pagamento.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da Ordenanza fiscal, someterase a aprobación inicial do Pleno do Concello na sesión de marzo de 2024. Elo supón a modificación do texto aprobado polo Pleno na sesión celebrada o 27 de marzo de 2008. No resto do texto que non é obxecto de modificación, continuará en vigor a ordenanza actualmente vixente. A modificación entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a súa aplicación a partires do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

O que se fai público, en cumprimento do legalmente establecido, facendo constar que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no art. 23 da Lei da xurisdicción contencioso administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comencarán a contarse a partir do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo elo sen perxuício da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Friol, 14 de maio de dous mil vinte e catro.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1393

Anuncio

Cumprindo o disposto no art. 70 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no art. 17 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público na súa parte dispositiva o acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 21 de marzo do actual e o texto da ordenanza municipal reguladora do imposto de bens inmobles de natureza urbana, que se transcribe a continuación:

“2. MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.- Dáse conta ao Pleno da proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles. Proponse ao Pleno a aprobación da modificación de bonificación do imposto de bens inmobles, que pasa a ser do 50% da cota íntegra do imposto, para aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais,

culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras.

Quedarán excluídas da bonificación as construcións destinadas a granxas industriais que se dediquen á produción ou crianza en grandes cantidades de animais ou derivados en interiores en condicións destinadas a maximizar a produción a un mínimo custe.

A declaración de interese ou utilidade municipal, aprobarase pola Xunta de Goberno, en canto competencia do Pleno que se delega na Xunta de Goberno, por razóns de operatividade

Á vista do disposto na vixente lexislación de réxime local, así como no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) considerando que é competencia do Pleno a aprobación da determinación dos recursos tributarios, e despois das intervencións ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por nove votos a favor (do Alcalde-Presidente e dos concelleiros do Grupo Popular asistentes á sesión) e co voto en contra da concelleira do Grupo Mixto **ACORDA:**

- -A aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, referente á modificación da bonificación no imposto de bens inmóbles as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras. quedando de conformidade se transcribe no ANEXO.
- -Que se someta ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica por un prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, no devandito prazo.
- -Que se dea conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presenten, que se resolverán polo mesmo con carácter definitivo. No caso de non presentarse o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.
- -Que o acordo definitivo e a ordenanza fiscal se publique no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto no art. 17 do Real Decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ANEXO

4.2.- Gozarán dunha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras.

Quedarán excluídas da bonificación as construcións destinadas a granxas industriais que de dediquen á produción ou crianza en grandes cantidades de animais e derivados en interiores en condicións destinadas a maximizar a produción a un mínimo custe.

A declaración de interese ou utilidade municipal, aprobarase pola Xunta de Goberno, en canto competencia do Pleno que se delega na Xunta de Goberno, por razóns de operatividade.

A bonificación terá carácter rogado. Para ser beneficiario desta bonificación os suxeitos pasivos deberán solicitala, surtindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible
- Certificacións acreditativas de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa autonómica nin coa Seguridade Social.
- Xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza/comunicación de actividade correspondente.

Previamente á súa aprobación, o concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello, calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello, poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro xeito, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

Disposición final

A modificación da ordenanza no referente ás bonificacións dos inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades agrarias ou gandeiras, aprobada polo Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 21 de marzo de 2024, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do un de xaneiro de 2025, continuando en vigor e de aplicación o restante articulado da ordenanza, ata a súa modificación ou derogación expresa.

No que non estea expresamente previsto na modificación da presente ordenanza, rexirán os preceptos contidos na redacción anterior da mesma, así como os preceptos contidos na lexislación reguladora das facendas locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais) e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento”.

O que se fai público, en cumprimento do legalmente establecido, facendo constar que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no art. 23 da Lei da xurisdicción contencioso administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comenzarán a contarse a partir do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo elo sen perxuício da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Friol, 14 de maio de dous mil vinte e catro.- O Alcalde-Presidente, José Angel Santos Sánchez.

R. 1394

FOLGOSO DO COUREL*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 10 de maio de 2024 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de abril de 2024.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 10 de maio de 2024.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 1395

LUGO*Anuncio***DECRETO**

Excma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a Providencia da Área de Alcaldía e Planificación de Cidade asinada o 7 de maio de 2024 por dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, relativa ao nomeamento de dona María de la Torre Rioyo, con DNI: ***9805**, como persoal eventual, para o posto de Colaboradora/or Asesora/or do Gabinete da Alcaldía.

Visto que consta retención de crédito para os custos salariais e de seguridade social correspondentes ao mencionado posto nas aplicacións orzamentarias 91201.16000 e 91201.11000.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 9 de maio de 2024.

Visto o informe de Intervención Nº: 2024/667 do 10/05/2024.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear como persoal eventual, para o posto de Colaboradora Asesora do Gabinete da Alcaldía, a dona MARÍA DE LA TORRE RIOYO, con DNI: ***9805**, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

Servirlles de apoio e colaboración directa á Alcaldía e ao grupo de goberno, asesoramento especial, relacións institucionais, información e demais funcións que se lles asigne relacionadas coas propias de confianza e asesoramento especial.

Segundo.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.
- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.
- a retribución que percibirá será de 35.925 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Lugo, 10 de maio de 2024.- Alcaldesa-Presidenta, Excm. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.

R. 1396

Anuncio

Ilma. Sra. D^a. Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo a: Bases e convocatoria do proceso de matrícula na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2024-2025

Vista a proposta do Xefe de Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, de data 10 de maio de 2024, onde se recollen as Bases que rexerán o proceso de matriculación na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo, para o curso 2024/25, transcritas na parte dispositiva, segundo a realizada pola Xunta Directiva da Escola Municipal de Música.

En uso das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26/07/2023 e Decreto núm. 4036/2024 de 30/04/2024 na súas actuais redaccións.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases e convocatoria do proceso de matrícula na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2024-2025 que seguidamente se transcriben:

"Bases que rexerán o proceso de matriculación na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2024-2025"

Dende a Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo propóñense as seguintes bases de matrícula para o curso 2024-2025.

1. Obxecto da convocatoria:

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento de admisión do alumnado na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo en convocatoria ordinaria para o curso 2024-2025, estando adaptadas á situación actual e ás medidas adoptadas polas administracións competentes; non obstante, revisarase a normativa vixente e adaptaranse, se é preciso, ás novas realidades que poideran xurdir.

2. Materias ofertadas:

A Escola ofertará anualmente un número de prazas por materia e especialidade instrumental adaptado ás circunstancias organizativas e doutra índole que concorran no inicio do curso escolar, así como á carga lectiva que poida establecerse.

As materias e especialidades instrumentais configúranse nos seguintes bloques:

2.1 BLOQUE A (clases de media hora individual ou de unha hora compartida por dous alumnos) e **BLOQUE B** (clases individuais de unha hora):

- Bombardino/Tuba.
- Clarinete.
- Fagote.
- Gaita.
- Percusión.
- Piano.
- Saxofón.
- Trombón.
- Trompa.
- Trompeta.

2.2 BLOQUE C:

- Música e Movemento:
 - Música e Movemento 1.
 - Música e Movemento 2.
- Formación Básica:
 - Formación Básica 1.
 - Formación Básica 2.
- Linguaxe Musical:
 - Linguaxe Musical 1.
 - Linguaxe Musical 2.
 - Linguaxe Musical 3.
 - Linguaxe Musical 4.
 - Linguaxe Musical 5.
 - Linguaxe Musical 6.
- Formación de Adultos:
 - Formación de Adultos 1.
 - Formación de Adultos 2.
 - Formación de Adultos 3.
 - Formación de Adultos 4.
 - Formación de Adultos 5.

- Formación de Adultos 6.

- Improvisación.
- Informática Musical.

2.3 BLOQUE D:

- Banda de Música.
- Big Band.
- Combo de Formación de Adultos.
- Grupo de Clarinetes.
- Grupos de Saxofóns:
 - Grupo de nivel medio.
 - Grupo de nivel avanzado.
- Grupos de Técnica Básica de Metais Graves.
- Grupo Tradicional.

Poderanse ofertar novas agrupacións abríndose unha nova convocatoria de matrícula específica para estas materias. Así mesmo, o número de participantes en cada materia será determinado polo docente que imparta dita materia.

3. Requisitos das persoas interesadas:

Para a súa admisión na selección correspondente, as persoas interesadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Bloque A e B:
 - Nados no ano 2016 e anteriores
 - No bloque B sempre que haxa dispoñibilidade horaria do profesorado e de recursos.
- Bloque C:
 - Música e Movemento 1, nados no ano 2020.
 - Música e Movemento 2, nados no ano 2019.
 - Formación Básica 1, nados no ano 2018.
 - Formación Básica 2, nados no ano 2017.
 - Linguaxe Musical 1, nados no ano 2016 ao 2009.
 - Linguaxe Musical 2, 3, 4, 5 e 6 nados no 2015 ao 2009.
 - Formación de Adultos, nados no 2008 e anteriores.
 - Improvisación, nados no ano 2010 e anteriores, con coñecementos mínimos do instrumento.
 - Informática Musical, nados no ano 2014 e anteriores.
- Bloque D:
 - Requirirase estar en posesión duns coñecementos mínimos tanto a nivel instrumental como de linguaxe musical, que serán apreciados polo profesor da materia.

4. Criterios de adxudicación de prazas:

Establécense por orde os seguintes criterios de adxudicación de prazas:

FORMACIÓN INSTRUMENTAL (BLOQUES A e B)

1. Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria no mesmo instrumento que se solicita, sempre que non excedera os 6 anos de permanencia no instrumento do que se matrícula (para o cumprimento da permanencia na Escola non computará o curso 2019-2020).
2. Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria en Linguaxe Musical, Formación Básica 2 ou Formación de Adultos e que solicita instrumento por primeira vez.

3. Alumnado que accede por primeira vez a Escola e reúna as condicións para acceder a formación instrumental.
4. Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria que desexe cambiar de instrumento.
5. Alumnado da Escola Municipal de Música que xa excedera os 6 anos de permanencia no instrumento que se matrícula.

FORMACIÓN TEÓRICA (BLOQUE C)

1. Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria na materia precedente da que se queira matricular:

ASINATURA PRECEDENTE	ASINATURA A MATRICULAR
Música e Movemento 1	Música e Movemento 2
Música e movemento 2	Formación Básica 1
Formación Básica 1	Formación Básica 2
Formación Básica 2	Linguaxe Musical 1
Linguaxe Musical 1	Linguaxe Musical 2
Linguaxe Musical 2	Linguaxe Musical 3
Linguaxe Musical 4	Linguaxe Musical 5
Linguaxe Musical 5	Linguaxe Musical 6
Formación de Adultos 1	Formación de Adultos 2
Formación de Adultos 2	Formación de Adultos 3
Formación de Adultos 3	Formación de Adultos 4
Formación de Adultos 4	Formación de Adultos 5
Formación de Adultos 5	Formación de Adultos 6
Informática Musical	Informática Musical
Improvisación	Improvisación

2. Alumnado que se matricule por primeira vez na Escola.

Non terá ningún efecto a orde de matriculación na obtención de praza nin na elección horaria, sendo o sorteo por letra a única fórmula válida. Dito sorteo será público e terá lugar na Escola o día 11 de Xuño ás 11:00 h.

Procederá a aplicar o resultado do sorteo por letra en cada un dos criterios sinalados anteriormente.

Todo o alumnado admitido en calquera materia deberá presentarse para a elección horaria na data e hora na que sexan convocados, publicándose dita data no taboleiro da Escola. No caso de non presentarse para eleixir horario, chamarase ao alumnado para ofertar os horarios que quedasen dispoñibles.

Establecerase unha listaxe de agarda por materias, mantendo a orde do sorteo por letra, tendo en conta cada un dos criterios sinalados anteriormente para aquel alumnado que non escollera horario, ou ben que non obtivera praza. No suposto de que quedaran prazas vacantes ao longo do curso académico, chamarase ao alumnado para ofertar os horarios que quedasen dispoñibles.

As solicitudes realizadas no prazo establecido xunto coa asignación de horarios conforme ao indicado nos parágrafos precedentes constitúen a matrícula efectiva do alumnado. As solicitudes de baixas deberán realizarse no seu caso conforme á Ordenanza Fiscal reguladora.

Non se poderá estar matriculado en máis dun instrumento á vez, a non ser que haxa dispoñibilidade de prazas e de xeito excepcional, con informe motivado do Director da Escola, non tendo prioridade para o seguinte curso nos dous instrumentos; o alumno deberá establecer o instrumento prioritario de primeira opción.

Ante a baixa de longa duración do persoal docente, cando non medie substitución, o alumnado do mesmo poderá tramitar a baixa de matrícula no centro con reserva de praza. Unha vez o persoal docente non

substituído se reincorpore da súa baixa, o alumnado poderá matricularse de novo no mesmo curso e materia. Nestes casos, que poidan implicar que non se realizara o feito impositivo e polo tanto tampouco se devindicara o prezo público por causas alleas ao alumnado, a dirección da escola emitirá o correspondente informe aos efectos dos descontos que puideran proceder nos recibos trimestrais.

5. Forma e prazo de presentación de solicitudes:

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, no Rexistro Auxiliar da Escola Municipal de Música ou en calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no seguinte prazo:

A partir do día seguinte a publicación no BOP de Lugo e ata o día 7 de xuño de 2024.

As persoas interesadas deberán presentar:

- a) Solicitud en modelo específico debidamente cumprimentado (Anexo 1). No caso de alumnado menor de idade, a solicitude deberá ir asinada pola nai, pai, ou persoas que ostenten a súa representación legal.
- b) Fotocopia do DNI da persoa interesada maior de idade, ou da nai, pai, ou persoas que ostenten a súa representación legal no caso de menores de idade.
- c) Documento acreditativo da titularidade da conta onde se desexe domiciliar o pagamento dos recibos pola utilización do servizo municipal da Escola Municipal de Música onde apareza o titular e número de conta.
- d) Unha fotografía tamaño carné.

6. Resolución:

Valoradas as solicitudes recibidas segundo os criterios establecidos no apartado 4, procederase á publicación das listaxes provisionais de alumnado admitido, alumnado excluído e listas de agarda, establecéndose un prazo de 5 días hábiles no que as persoas interesadas poderán realizar as alegacións que consideren oportunas. Resoltas as reclamacións, de ser o caso, procederase á publicación definitiva de listas, determinándose nas mesmas o día e hora no que se convoca ao alumnado admitido para a elección do horario de docencia de cada instrumento ou especialidade formalizando neste acto a matrícula na Escola.

A prioridade para a elección de horarios do alumnado, determinarase pola mesma orde na que figura nas listas de admisión trala aplicación dos criterios establecidos para a adxudicación de prazas. (Previo sorteo por letra).

Conforme ao disposto na base anterior, a elección de horarios de clases realizarase de maneira presencial, por orde de letra segundo o resultado do sorteo. Fixarase un horario no cal se fará cada chamamento, e tanto o horario para o chamamento como a oferta dos horarios das clases serán expostos previamente na paxina web do Concello de Lugo e no Taboleiro da Escola Municipal de Musica de Lugo.

No caso de producirse renuncias de prazas ou baixas, as vacantes ocuparanse coas persoas solicitantes que figuran na lista de agarda de cada instrumento ou especialidade musical elixidos por rigorosa orde.

Poderase presentar solicitude de matrícula fóra do prazo establecido a partir do 1 de Outubro. A súa admisión dependerá da existencia de prazas vacantes e de un informe favorable do profesorado da materia. En todo caso podería quedar en lista de agarda.

A renuncia expresa na praza ofertada pola Escola Municipal de Música implica a baixa do alumnado na Escola, sempre e cando non estea formalizada matrícula noutro instrumento ou especialidade con asistencia ás clases da mesma. A baixa dunha materia na escola non xerará efectos de reserva de praza para a matrícula na Escola no curso seguinte.

De acordo coa Ordenanza Fiscal núm. 405, reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música, o alumnado que desista da asistencia ás clases terá que presentar a correspondente solicitude de baixa no modelo oficial, no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, no Rexistro Auxiliar da Escola Municipal de Música ou en calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7. Pagamento de taxas.

O alumnado deberá aboar as taxas establecidas na Ordenanza fiscal municipal número 405 reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música, coa aplicación das bonificación e exencións establecidas a tal efecto.

8. Aplicación das bases:

Todas as persoas solicitantes de praza na Escola Municipal de Música quedarán suxeitas ás bases desta convocatoria.

Calquera criterio discrepante na interpretación destas bases resolverase a criterio dos órganos directivos da Escola, así como toda casuística non recollida nas mesmas.

A docencia na Escola Municipal de Música será realizada por persoal municipal adscrito á Banda de Música e/ou á Escola de Música do Concello de Lugo.

O calendario escolar da Escola Municipal de Música rexeráse polo que anualmente establece a Xunta de Galicia para a Consellería de Educación. "

SEGUNDO.- Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar ás persoas interesadas e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Así mesmo, déaselle traslado ás dependencia e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

Lugo, 10 de maio de 2024.- Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Ilma. Sra. D^a. Tareixa A. Ferreiro Tallón.

R. 1347

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 10 de maio de 2024 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de abril de 2024.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 10 de maio de 2024.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1397

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Que na sesión do Pleno da Corporación celebrada o día 25 de abril de 2024 aprobouse por maioría absoluta o seguinte acordo, ca ditaminado previamente pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno celebrada o día 22 de abril de 2024:

“MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL DE ORZAMENTOS MUNICIPAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI ANO 2023

O enorme volumen de traballo deste Concello de Outeiro de Rei conleva a necesidade de crear unha praza de auxiliar administrativo adscrito ao servizo de Secretaría e con apoio ás funcións de Intervención

Faise por elo necesario modificar a Relación de Postos de Traballo para a creación deste novo posto que se describe do seguinte xeito:

Denominación: Auxiliar Administrativo

Número 03.6

Funcións:

- Posto de traballo que entraña a realización de distintos tipos de trámites burocráticos e atender ao público, de acordo á lexislación vixente e as ordes do superior xerárquico, para axilizar e facilitar aos cidadáns o acceso aos recursos dispoñibles e á información.

- Realizar actividades de apoio administrativo, conforme instrucións recibidas, en todo aquel expediente que así sexa indicado por parte de superior xerárquico.

- Arquivar, rexistrar e catalogar expedientes ou documentos da dependencia.

- Facilitar ao cidadán a información de carácter xeral relativa á súa unidade.

- Realizar as funcións comúns ao exercicio da actividade, especialmente aquelas de carácter mecanográfico, de cálculo sinxelo, arquivo, rexistro e similares; as de atención ao cidadán, ben sexan presencial ou telemática, a xestión de arquivos e documentación, gravación e mantemento de bases de datos, así como funcións de apoio ao resto de membros das unidades administrativas nas que presten servizo.

- Responder e realizar chamadas telefónicas.

- Manexar ferramentas ofimáticas básicas.

- Ordenar, numerar, encadernar e/o dixitalizar expedientes.

- Aplicar á tramitación e xestión, os medios tecnolóxicos postos á súa disposición para facilitar o acceso e a tramitación electrónica

- Formular índices, controlar e distribuír material.

- Realizar calquera tarefa que, relacionada directamente co posto de traballo, sexa preciso para un mellor desempeño de mesmo.

Horario: ordinario-Xornada continua.

Maquinaria: ofimática

Clase: Funcionario, Grupo C2, Complemento de destino; 16, complemento específico (14 pagas) o establecido para os postos 03.3 e 04.3 da Relación de Postos de Traballo, actualizado.

Con base no anterior e á vista de todos os documentos obrantes no expediente propoño ao Pleno do Concello de Outeiro de Rei:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Persoal do Orzamento municipal do Concello de Outeiro de Rei publicada a súa aprobación definitiva en BOP de Lugo de 17 de outubro de 2023, en relación ao Anexo Funcionarios I, para crear unha praza de Auxiliar Administración Xeral en grupo programa 920 Administración Xeral, coas retribucións que corresponden de salario base conforme a LPGE 2023 prorrogada (9828,06€), Complemento de destino (16) conforme a LPGE 2023 prorrogada (5746,72€) e Complemento específico conforme a LPGE 2023 prorrogada (14070€).

2º.- Aprobada inicialmente procede publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios para alegacións por prazo de 15 días hábiles, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

3º.- Considerar elevado a definitivo este acordo no caso de que non se presente ningunha reclamación.

Outeiro de Rei, 9 de maio de 2024.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1398

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data **8 de maio de 2024** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de abril de 2024**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así

mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 8 de maio de 2024.- A Alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 1399
